

**RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA  
DO 29 DE DECEMBRO DE 2021**

**1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00059437V.**

[Ratificación da urxencia da convocatoria. ]

Ratifícase a urxencia da presente convocatoria.

**2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00043571K.**

[Licenza obra maior. ]

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 29/09/2021, cun orzamento de execución material de 17.280,35 €, a reforma interior de vivenda situada na Avenida de Raxoi, 16 baixo en Santiago de Compostela (A Coruña).

**3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00021313G.**

[Licenza obra maior. ]

Acórdase:

1. Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010, do 4 de marzo, de conformidade co informe do arquitecto municipal de data 27/12/2021 para a rehabilitación dun edificio residencial situado na Rúa Patio de Madres, 12 en Santiago de Compostela (A Coruña).

2. Remitir copia da presente resolución á Dirección xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo, xunto con copia da solicitude de excepcionalidade e a documentación que achega.

3. Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución con selo de visado de data 14/10/2021, cun orzamento de execución material de 194.760,00 €, a rehabilitación de edificio residencial situado na Rúa Patio de Madres, 12 Santiago de Compostela (A Coruña).


**4. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00022764Y.**

[Adxudicación do contrato de Acondicionamento exterior do xacemento arqueolóxico do Castelo da Rocha Forte. ]

- Adxudicar o contrato de Acondicionamento exterior do xacemento arqueolóxico do Castelo da Rocha Forte a favor de ALCOMTE GALICIA, SL, por un importe de 266.165,06 euros (IVE aparte 21%: 46.193,94 euros), ó ser a máis vantaxosa das presentadas.

- Comprometer un gasto por importe de 266.165,06 euros para financiar este contrato que se imputará á aplicación orzamentaria 030 33600 6090000 2017 2 EDUSI 13 EDUSI. INVEST NOVOS EN INFRAESTRUTURAS E BENS DE USO XERAL.

*Esta actuación forma parte da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible Integrado do Concello de Santiago (EDUSI Santiago) cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Operativo Plurirrexional de España 2014-2020 nun 80% sendo o 20% restante con cargo a dotación económica municipal.*



## CONCELLO DE SANTIAGO

### 5. **CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00024495N.**

Adjudicación contrato de Execución do proxecto de “Mellora dos accesos peonís cara aos centros educativos de Lamas de Abade (FASE I)”. |

Acórdase:

1. Aprobar o gasto necesario para o financiamento do contrato con cargo á aplicación orzamentaria 040 32000 6190000 2017 2 PEOOP 39 1
2. Rexeitar a oferta presentada pola empresa ARINES OBRAS Y PROYECTOS SL por non xustificar debidamente o carácter desproporcionado da súa proposta económica.
3. Adjudicar o contrato de Execución do proxecto de “Mellora dos accesos peonís cara aos centros educativos de Lamas de Abade (FASE I) a favor de JSTOP OBRAS Y SERVICIOS SL, por un importe de 85.000 euros (IVE aparte 21%: 17.850 euros), ó ser a máis vantaxosa das presentadas. Désígnase como responsable do contrato ao Director Facultativo da obra conforme ao establecido no artigo 62.2 da LCSP, a unidade de seguimento ordinaria do contrato e ao servizo de Proxectos e Obras.
4. Comprometer un gasto por importe de 102.850 euros para financiar este contrato que se imputará á aplicación orzamentaria 040 32000 6190000 2017 2 PEOOP 39 1.

### 6. **CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00043333J.**

Aprobación do expediente de contratación do servizo de redacción de plans autoprotección para edificios, actividade e locais municipais do Concello de Santiago de Compostela e abrir o procedemento de adjudicación correspondente |

Apróbase o expediente que ten por obxecto a licitación do SERVIZO DE REDACCIÓN DE PLANS DE AUTOPROTECCIÓN PARA EDIFICIO, ACTIVIDADE E LOCAIS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, abrir o procedemento de adjudicación, sendo o orzamento base de licitación de **82.775,11 euros** (Base Impoñible de **68.409,18 euros** e IVE 21% de **14.365,93 euros**).

Este contrato tramítase como anticipado de gasto de acordo co apartado 2º da disposición adicional 3ª da LCSP. A súa adjudicación queda sometida á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que o han de financiar.

### 7. **CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00021695H.**

Reaxuste de anualidades do contrato “Servizo de dirección pedagóxica, docencia e organización dos diferentes programas educativos e das actividades da Escola Municipal de Música de Santiago de Compostela”. |

Proceder ao reaxuste das anteditas anualidades, adaptándoas á realidade do servizo do seguinte xeito:


- Anualidade 2021. 233.373,68 euros.
- Anualidade 2022: 485.000,04 euros.
- Anualidade 2023: 485.000,04 euros.
- Anualidade 2024: 251.626,36 euros.

### 8. **CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00043337V.**

Alleamento de cinco parcelas municipais de protección autonómica en lotes unitarios no expediente patrimonial EXPTE. 2021/00011639J. |

Acórdase:

1. Adjudicar a O MERENDERO DO RESTOLLAL SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA o alleamento da parcela M8 do SUP-7 do Castiñeiriño (lote 1) por un importe de 412.607 euros máis IVE, comprometéndose tamén a implementar unha superficie de 376 m2 de



## CONCELLO DE SANTIAGO

espazos destinados a usos múltiples comunitarios e destinar 6 vivendas a aluguer protexido.

2. Adxudicar a O AFC NORTE SL o alleamento da parcela BB2 do SUNP-11 do Castiñeiriño (lote 3) por un importe de 732.100 euros máis IVE e da parcela BB5 do SUNP-11 do Castiñeiriño (lote 5) por un importe de 253.100 euros máis IVE.

3. Deixar deserto o alleamento das parcelas UER5 do SUNP-5 (lote 2) e PR4 do SUNP-4 (lote 4) ante a falta de ofertas.

4. Notificar o acordo as empresas adxudicatarias ao obxecto de que procedan ao ingreso do prezo de adxudicación consonte o establecido na cláusula 3 e na 17 do PCAP no prazo máximo dun (1) mes a contar dende a notificación da adxudicación. O ingreso do prezo é condición previa á formalización do correspondente documento de compravenda e conseguinte transmisión da propiedade, considerándose en caso contrario decaído no seu dereito con perda da garantía prestada.

### 9. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00033881Z.

Concesión de uso privativo do dominio público municipal para a explotación de dous quioscos sitos no Parque da Alameda (lote I) e na Praza de Vigo (lote II). Adxudicar o lote I e deixar deserto o lote II. |

Acórdase:

1. Deixar deserta a *concesión de uso privativo do dominio público municipal para a explotación do quiosco sito na Praza de Vigo* ante a renuncia da empresa proposta como adxudicataria e única licitadora, ROSSO PIZZA SL, a aportar a documentación e garantía que lle fora requirida, procedendo impoñerlle a penalidade recollida no prego de aplicación para este suposto que ascende a 90 euros (3% do importe de licitación)

2. Adxudicar a *concesión de uso privativo do dominio público municipal para a explotación do quiosco sito no Parque da Alameda* á empresa ROSSO PIZZA SL, que oferta un canon de 4.200 euros/ano a abonar ao Concello, sendo a súa proposta a máis vantaxosa das presentadas.

A supervisión e control deste contrato corresponde á Área de Benestar Medioambiental e Servizos Básicos e Comunitarios, que asigna este cometido ao encargado- xefe de Parques e Xardíns.


### 10. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00047334N.

Prórroga e revisión do IPC do contrato de aluguer do local nº 2 na rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais (Recadación Executiva). |

1. Prorrogar o contrato de aluguer do local nº 2 na rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais (Recadación Executiva), contrato asinado con data 21-01-2011, polo prazo de un ano a contar desde o 1 de xaneiro de 2022 ata o 31 de decembro de 2022.

Respecto á revisión de prezos, no contrato asinado con data 21-xaneiro-2011, na súa cláusula segunda establececese na súa cláusula segunda establececese que o importe será revisado anualmente, conforme ás variacións que experimente o índice xeral de prezos o consumo, polo que propónse a revisión do IPC dende a última data na que se realizou esta (decembro de 2020 ata decembro de 2021). A renda definitiva para o ano 2022 fixarase unha vez publicado o IPC do mes de decembro de 2021.

Para o mes de xaneiro de 2022 satisfarase a renda actual por importe mensual de: **653,75 € mais IVE (791,04 €).**



## CONCELLO DE SANTIAGO

2. Aprobar e comprometer un gasto por importe de **9.492,48 €**, que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria nº **030 93100 2020000 POLÍTICA ECONÓMICA E FISCAL. ARRENDAMENTOS**, quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente en dito exercicio.

Publicado o IPC de decembro de 2021 efectúase de oficio a revisión correspondente con efectos dende o 1 de xaneiro de 2022, dando conta a Xunta de Goberno e a Intervención Municipal.

### 11. **CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00047748N.**

Prórroga e revisión IPC do contrato de alugamento do local nº 3 da rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais (Servizos Básicos).

1. Prorrogar o contrato de aluguer do local nº 3 na rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais (Servizos Básicos), polo prazo de un ano a contar desde o 1 de xaneiro de 2022 ata o 31 de decembro de 2022.

Respecto á revisión de prezos, no contrato asinado con data 13-febreiro de 2004, na súa cláusula segunda estableceuse que a partir do ano 2007 o prezo de alugamento incrementárase conforme a variación do IPC dos últimos doce meses, polo que propónse a revisión do IPC dende a última data na que se realizou esta (decembro de 2020 ata decembro de 2021). A renda definitiva para o ano 2022 fíxase unha vez publicado o IPC do mes de decembro de 2021.

Para o mes de xaneiro de 2022 satisfárase a renda actual por importe mensual de: **552,98 € mais IVE (669,11 €)**.

2. Aprobar e comprometer un gasto por importe de **8.029,32 €**, que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria nº 030 92000 2020000 ADMINISTRACIÓN XERAL ARRENDAMENTOS EDIFICIOS EC, quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente en dito exercicio.

Publicado o IPC de decembro de 2021 efectúase de oficio a revisión correspondente con efectos dende o 1 de xaneiro de 2022, dando conta a Xunta de Goberno e a Intervención Municipal.

### 12. **CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00047409H.**


Prórroga e revisión do IPC do contrato de aluguer do local nº 7 na rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais (Atención ao Contribuínte).

1. Prorrogar o contrato de aluguer do local nº 7 na rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais (Atención ao Contribuínte), polo prazo de un ano a contar desde o 1 de xaneiro de 2022 ata o 31 de decembro de 2022.

Respecto á revisión de prezos, no contrato asinado con data 17-marzo-2009, na súa cláusula segunda estableceuse que o importe será revisado anualmente, conforme ás variacións que experimente o índice xeral de prezos o consumo, polo que propónse a revisión do IPC dende a última data na que se realizou esta (decembro de 2020 ata decembro de 2021). A renda definitiva para o ano 2022 fíxase unha vez publicado o IPC do mes de decembro de 2021.

Para o mes de xaneiro de 2022 satisfárase a renda actual por importe mensual de: **606,76 € mais IVE (734,18 €)**.

2. Aprobar e comprometer un gasto por importe de **8.810,16 €**, que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria nº **030 93100 2020000 POLÍTICA ECONÓMICA E FISCAL. ARRENDAMENTOS**, quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente en dito exercicio.



## CONCELLO DE SANTIAGO

Publicado o IPC de decembro de 2021 efectuarase de oficio a revisión correspondente con efectos dende o 1 de xaneiro de 2022, dando conta a Xunta de Goberno e a Intervención Municipal.

### 13. **CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00047383S.**

Prórroga e revisión do IPC do contrato de aluguer do local nº 8 na rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais (Atención ao Contribuinte).

Acórdase:

1. Prorrogar o contrato de aluguer do local nº 8 na rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais (Atención ao Contribuínte), polo prazo de un ano a contar desde o 1 de xaneiro de 2022 ata o 31 de decembro de 2022.

Respecto á revisión de prezos, no contrato asinado con data 8-xaneiro-2009, na súa cláusula segunda estableceuse que o importe será revisado anualmente, conforme ás variacións que experimente o índice xeral de prezos o consumo, polo que proponse a revisión do IPC dende a última data na que se realizou esta (decembro de 2020 ata decembro de 2021). A renda definitiva para o ano 2022 fixarase unha vez publicado o IPC do mes de decembro de 2021.

Para o mes de xaneiro de 2022 satisfarase a renda actual por importe mensual de: **683,97 € mais IVE (827,60 €).**

2. Aprobar e comprometer un gasto por importe de **9.931,20 €**, que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria nº **030 93100 202000 POLÍTICA ECONÓMICA E FISCAL ARRENDAMENTOS**, quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente en dito exercicio.

Publicado o IPC de decembro de 2021 efectuarase de oficio a revisión correspondente con efectos dende o 1 de xaneiro de 2022, dando conta a Xunta de Goberno e a Intervención Municipal.

### 14. **CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00047917C.**

Prórroga e revisión IPC do contrato de alugueiro do local nº 9 do local da Rúa Presidente Salvador Allende, destinado a oficinas municipais (Atención ao Cidadá).

Acórdase:


1. Prorrogar o contrato de aluguer do local nº 10 na rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais (Atención ao Contribuínte) polo prazo de un ano a contar desde o 1 de xaneiro de 2022 ata o 31 de decembro de 2022.

Respecto á revisión de prezos, no contrato asinado con data 8-xaneiro-2009, na súa cláusula segunda estableceuse que o importe será revisado anualmente, conforme ás variacións que experimente o índice xeral de prezos o consumo, polo que proponse a revisión do IPC dende a última data na que se realizou esta (decembro de 2020 ata decembro de 2021). A renda definitiva para o ano 2022 fixarase unha vez publicado o IPC do mes de decembro de 2021.

Para o mes de xaneiro de 2022 satisfarase a renda actual por importe mensual de: **666,49 € mais IVE (806,45 €).**

2. Aprobar e comprometer un gasto por importe de **9.677,40 €**, que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria nº **030 92000 202000 ADMINISTRACIÓN XERAL ARRENDAMENTOS EDIFICIOS E CONSTRUC**, quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente en dito exercicio.





## CONCELLO DE SANTIAGO

Publicado o IPC de decembro de 2021 efectuarase de oficio a revisión correspondente con efectos dende o 1 de xaneiro de 2022, dando conta a Xunta de Goberno e a Intervención Municipal.

### 15. **CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00047869H.**

Prórroga e revisión do IPC do contrato de alugamento do local nº 10 da rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais (Rexistro Xeral).

Acórdase:

1. Prorrogar o contrato de aluguer do local nº 10 na rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais (Rexistro Xeral), polo prazo de un ano a contar desde o 1 de xaneiro de 2022 ata o 31 de decembro de 2022.

Respecto á revisión de prezos, no contrato asinado con data 08 de xaneiro de 2009, na súa cláusula segunda establececese que o importe da renda será revisado anualmente, conforme as variacións que experimente o índice xeral de prezos ao consumo, polo que propónse a revisión do IPC dende a última data na que se realizou esta (decembro de 2020 ata decembro de 2021). A renda definitiva para o ano 2022 fixarase unha vez publicado o IPC do mes de decembro de 2021.

Para o mes de xaneiro de 2022 satisfarase a renda actual por importe mensual de: **666,68 € mais IVE (806,68 €).**

2. Aprobar e comprometer un gasto por importe de **9.680,16 €** que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria nº 030 92000 2020000 ADMINISTRACIÓN XERAL ARRENDAMENTOS EDIFICIO EC, quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente en dito exercicio.

Publicado o IPC de decembro de 2021 efectuárase de oficio a revisión correspondente con efectos dende o 1 de xaneiro de 2022, dando conta a Xunta de Goberno e a Intervención Municipal.

### 16. **CONTRATACIÓN. Referencia: Validación S/2021/163.**

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por ISS Facility Services, S.A., en concepto de servizo de limpeza ordinaria e extraordinaria dos edificios e dependencias municipais, e subministración de xel hidroalcohólico correspondente aos meses de xullo e agosto de 2021.

Acórdase:


1. Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

2. Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de CIENTO DOCE MIL DOUSCENTOS OITENTA E SEIS EUROS CON TRINTA E CATRO CÉNTIMOS (112.286,34 €) segundo relación contable de facturas S/2021/163 que se achega no expediente, e que comeza pola factura número F/2021/3607 por importe de 168,19 euros, e remata pola número F/2021/4191 por importe de 629,20 euros, todas elas emitidas pola empresa "ISS FACILITY SERVICES, S.A."

3. Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

### 17. **CONTRATACIÓN. Referencia: Validación S/2021/240.**

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por ISS Facility Services, S.A., en concepto de servizo de limpeza ordinaria e extraordinaria dos edificios e dependencias municipais e subministración de xel hidroalcohólico correspondente aos meses de agosto e setembro de 2021.



## CONCELLO DE SANTIAGO

Acórdase:

1. Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.
2. Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de CENTO TRECE MIL TRESCENTOS CINCUENTA E CINCO EUROS CON NOVENTA E OITO CÉNTIMOS (113.355,98 €) segundo relación contable de facturas S/2021/240 que se achega no expediente, e que comeza pola factura número F/2021/4189 por importe de 168,19 euros, e remata pola número F/2021/4652 por importe de 421,08 euros, emitidas todas elas pola empresa "ISS FACILITY SERVICES, S.A."
3. Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

### 18. **CONTRATACIÓN. Referencia: Validación F/2021/4150.**

[Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da factura emitida por ISS Facility Services, S.A., en concepto de servizo de limpeza ordinaria e extraordinaria dos edificios e dependencias municipais e subministración de xel hidroalcohólico correspondente ao mes de agosto de 2021.]

Acórdase:

1. Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.
2. Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de CENTO OITO MIL SETENTA E SETE EUROS CON NOVENTA E SEIS CÉNTIMOS (108.077,96 €), segundo factura núm. F/2021/4150 que se achega no expediente, en concepto de servizo de limpeza ordinario e extraordinario dos edificios e dependencias municipais correspondente ao mes de agosto de 2021, emitida pola empresa "ISS FACILITY SERVICES, S.A."
3. Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

### 19. **MEDIO AMBIENTE E SANIDADE. Referencia: Factura 2021/4622**

[Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda a Urbaser, S.A., setembro 2021.]


Acórdase:

1. Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente, polos gastos derivados da realización do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos e limpeza viaria correspondente ao mes de setembro do ano 2021.
2. Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de seiscentos sesenta e oito mil douscentos oitenta e nove euros con sesenta e tres céntimos (668.289,63 €) a favor de "Urbaser, S.A.", imputándose 306.678,11 euros á aplicación orzamentaria 2021/020/16210/2270000 e 361.611,52 euros á aplicación 2021/020/16210/2270800 do orzamento vixente.
3. Dispoñer a continuación das prestacións, cos efectos do contrato vencido e baixo as súas mesmas cláusulas, para evitar graves prexuízos

### 20. **MEDIO AMBIENTE E SANIDADE. Referencia: Factura 2021/5588**

[Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda a Urbaser, S.A., outubro 2021.]

Acórdase:



## CONCELLO DE SANTIAGO

1. Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente, polos gastos derivados da realización do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos e limpeza viaria correspondente ao mes de outubro do ano 2021.
2. Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de seiscientos sesenta e dous mil seiscientos sesenta e nove euros con catro céntimos (662.669,04 €) a favor de "Urbaser, S.A.", imputándose 304.098,82 euros á aplicación orzamentaria 2021/020/16210/2270000 e 358.570,22 euros á aplicación 2021/020/16210/2270800 do orzamento vixente.
3. Dispoñer a continuación das prestacións, cos efectos do contrato vencido e baixo as súas mesmas cláusulas, para evitar graves prexuízos ao interese público, e ata que se adopten medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

### **21. MEDIO AMBIENTE E SANIDADE. Referencia: Factura 2021/6160 Urbaser, S.A..**

[Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda a Urbaser, S.A., novembro 2021.]

Acórdase:

1. Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente, polos gastos derivados da realización do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos e limpeza viaria correspondente ao mes de novembro do ano 2021.
2. Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de seiscientos sesenta e dous mil seiscientos sesenta e nove euros con catro céntimos (662.669,04 €) a favor de "Urbaser, S.A.", imputándose 304.098,82 euros á aplicación orzamentaria 2021/020/16210/2270000 e 358.570,22 euros á aplicación 2021/020/16210/2270800 do orzamento vixente.
3. Dispoñer a continuación das prestacións, cos efectos do contrato vencido e baixo as súas mesmas cláusulas, para evitar graves prexuízos ao interese público, e ata que se adopten medidas necesarias para evitar ese prexuízo

### **22. PARQUES E XARDÍNS. Referencia: F/2021/5749.**

[Convalidación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda. ]

Acórdase:

Primeiro. Convalidar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo. Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de 5.292,74 euros, a favor de ASPAS EMPREGO S.L., en concepto de "Servizo de conservación e mantemento do parque municipal de Brandía correspondente ao mes de outubro de 2021".

Terceiro. Dispoñer a continuación das prestacións, cos efectos do contrato vencido e baixo as súas mesmas cláusulas, para evitar graves prexuízos ao interese público, e ata que se adopten medidas necesarias para evitar ese prexuízo.


### **23. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia: 2021/00055720A.**

[Autorización para a reprodución de imaxes de titularidade municipal nunha publicación. ]

Acórdase:

1. Autorizar a Dehistoria. Cultura. Historia. Patrimonio, S.L.L. a publicación dos documentos e imaxes da titularidade do Concello de Santiago de Compostela indicados nos antecedentes.
2. A autorización para exhibir, publicar e difundir os documentos referidos suxéitase ao cumprimento estrito das seguintes condicións:





## CONCELLO DE SANTIAGO

- Unicamente se autoriza a publicación dos documentos e imaxes na obra “Cadernos de Compostela. Nº 5”. Calquera outra publicación deberá ser previamente autorizada.
- Na obra na que se incluírán as imaxes e documentos indicárase que pertencen ao Concello de Santiago de Compostela.

### 24. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ.

#### Aprobación das tarifas do encargo dos servizos da ORA e guindastre para o exercicio 2021.

Acórdase:

Aprobar as tarifas propostas para cada un dos servizos que forman parte do encargo de xestión da entidade TUSSA da ORA, GUINDASTRE e DEPOSITO DE VEHÍCULOS, con efectos a partir do 1 de xaneiro de 2021, de acordó co informe da xerencia que se recolle nas consideracións e que serán as seguintes:

SERVIZO	CUSTOS SERVICIO	HORAS/SERVIZO	TARIFA/HORA
SERVIZO ORA	973.822,95	25.372	38,38
SERVIZO GUINDASTRE	519.131,44	10.343	50,19
SERVIZO DEPÓSITO	324.808,74	8.760	37,08
<b>TOTAL CUSTOS</b>	<b>1.817.763,12 €</b>		

### 25. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ.

Liquidación do terceiro e cuarto trimestre de 2021, Autocares Rías Baixas

Acórdase:

1. Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente pola realización do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros correspondente ao terceiro e cuarto trimestre de 2021.
2. Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de cento doce mil cincocentos trece euros con oitenta e cinco céntimos (112.513,85.-), a favor de “Autocares Rías Baixas, S.L.”, con imputación orzamentaria 060/44110/4790000 do orzamento.
3. Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar este prexuízo.

### 26. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2021/00022328F.


Xustificación da subvención nominativa 2021. Asociación Cultural Rocha Forte

Apróbase a xustificación e o pagamento da subvención nominativa da Asociación Cultural Rocha Forte por importe de 5.000 €, visto que se deu cumprimento co obxecto previsto no convenio coa salvedade das precisións que o Departamento de Intervención poida facer.

### 27. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2021/00022326M.

Aprobación da xustificación da subvención nominativa para o 2021 da entidade Cursos Universitarios e Internacionais de Música en Compostela.

Apróbase a xustificación e o pagamento da subvención nominativa aos Cursos Universitarios e Internacionais de Música en Compostela por un importe de 5.000 euros visto que se deu cumprimento co obxecto previsto no convenio e a súa correcta xustificación, coa salvedade das precisións que o Departamento de Intervención poida facer.



## CONCELLO DE SANTIAGO

### 28. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2021/00022360Q.

Apróbase a xustificación da subvención nominativa 2021 a Performa S. Coop Galega. Apróbase a xustificación e o pagamento da subvención nominativa a Performa S. Coop Galega por un importe de 50.000 €, visto que se deu cumprimento co obxecto previsto no convenio e a súa correcta xustificación, coa salvedade das precisións que o Departamento de Intervención poida facer.

### 29. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2021/00022331X.

Apróbase a xustificación subvención nominativa 2021 Asociación Cultural O Galo. Acórdase:

1. Aprobar a xustificación e o pagamento da subvención nominativa á Agrupación Cultural o Galo por importe de 4.616,85 €, visto que se deu cumprimento co obxecto previsto no convenio coa salvedade das precisións que o Departamento de Intervención poida facer.
2. Anular o crédito restante por importe de euros 383,15 repoñendo o saldo na aplicación orzamentaria 2021 050 33400 4890001.9

### 30. IGUALDADE-MULLER. Referencia: 2021/00024663L.

Apróbase a xustificación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA para o ano 2021, e o recoñecemento da obriga, pola contía de NOVE MIL EUROS.

Apróbase a xustificación do convenio de colaboración asinado o **23 DE XULLO DE 2021** entre o Concello de Santiago de Compostela e a **FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** para o ano 2021, e o recoñecemento da obriga, pola contía de **NOVE MIL EUROS (9.000,00 €)**, con cargo á partida orzamentaria **050 23102 4890001** reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2021 (artigo 33).

### 31. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2021/00024621T.

Apróbase a xustificación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA para o ano 2021, e o recoñecemento da obriga, pola contía de ONCE MIL EUROS.


Apróbase a xustificación do convenio de colaboración asinado o **29 DE XULLO DE 2021** entre o Concello de Santiago de Compostela e a **UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** para o ano 2021, e o recoñecemento da obriga, pola contía de **ONCE MIL EUROS (11.000,00 €)**, con cargo á partida orzamentaria **050 23102 4890002** reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2021 (artigo 33).

### 32. PROMOCIÓN ECONÓMICA. Referencia: 2021/00028429J.

Apróbase a aportación de socio do Concello de Santiago para o exercicio 2021 á Sociedade para a Promoción de Iniciativas Empresariais Innovadoras, SL (UNINOVA).

Acórdase:

1. Vista a previsión no orzamento municipal 2021, dunha achega á Sociedade para a Promoción da Iniciativas Empresariais Innovadoras S.L. (UNINOVA), por importe de 143.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 010 43300 4490000, é vista a solicitude desta entidade de pagamento da aportación de Socio do Concello de Santiago aprobada no seu Consello de Administración de 21 de abril de 2021, é preciso proceder á aprobación de dunha aportación á Sociedade para a Promoción de Iniciativas Empresariais



## CONCELLO DE SANTIAGO

Innovadoras S.L. (UNINOVA), polo importe aprobado en dito consello de 40.000,00 € en concepto de achega de socio correspondente ao ano 2021 con cargo á aplicación orzamentaria 010 43300 4490000.

2. Dar traslado deste acordo ao departamento de Servizos Económicos para que proceda ao pagamento desta aportación de socio do Concello de Santiago de Compostela á SOCIEDADE PARA A PROMOCIÓN DE INICIATIVAS EMPRESARIAIS INNOVADORAS, SL (UNINOVA)

### 33. DEPORTES. Referencia: 3521/2021.

[Transferencia ao Consorcio de 82.564,66 € en execución da addenda ao convenio de colaboración entre o Consorcio da cidade de Santiago e o Concello de Santiago de xestión do complexo deportivo “Fontes do Sar”.]

Acórdase:

1. Convalidar o acordo de 30 de decembro de 2014 de ratificación da aprobación da addenda ao convenio de colaboración pola cal se modificada a súa clausula quinta.
2. Aprobar o gasto por importe de 82.584,66 € con cargo á aplicación 090 34100 4539000 en cumprimento da Addenda ao Convenio de colaboración entre o Consorcio da Cidade de Santiago e o Concello de Santiago de Compostela de xestión do complexo deportivo “Fontes do Sar”, cláusula quinta.

### 34. DEPORTES. Referencia: 2021/00048015A.

[Dación de conta da sinatura do convenio de colaboración coa Federación Galega de Kárate e DA para o desenvolvemento do Campionato Galego de Kárate Infantil 2021.]

Tómase coñecemento da sinatura, o 27 de decembro de 2021, do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Federación Galega de Kárate e DA para o desenvolvemento do Campionato Galego de Kárate Infantil 2021.

### 35. DEPORTES. Referencia: 2021/00051617V.

[Dación de conta da sinatura do convenio de colaboración coa Federación Española de Luchas Olímpicas para o desenvolvemento do Campionato de España Sub23 2021.]

Tómase coñecemento da sinatura, o 28 de decembro de 2021, do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Federación Española de Luchas Olímpicas para o desenvolvemento do Campionato de España Sub23 2021.

### 36. DEPORTES. Referencia: 2021/00051692T.


[Dación de conta da sinatura do convenio de colaboración co Club Atletismo Santiago, ano 2021.]

Tómase coñecemento da sinatura, o 27 de decembro de 2021, do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e o Club Atletismo Santiago, ano 2021.

### 37. DEPORTES. Referencia: 2021/00051700P.

[Dación de conta da sinatura do convenio de colaboración co Club Victoria de Santiago de Compostela, ano 2021.]

Tómase coñecemento da sinatura, o 27 de decembro de 2021, do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e o Club Victoria de Santiago de Compostela, ano 2021.



## CONCELLO DE SANTIAGO

### 38. **DEPORTES. Referencia: 2021/00051589N.**

[Dación de conta da sinatura do convenio de colaboración co Club Ciclista Compostelano para o desenvolvemento de varias probas deportivas oficiais no 2021. ]  
Tómase coñecemento da sinatura, o 27 de decembro de 2021, do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e o Club Ciclista Compostelano para o desenvolvemento de varias probas deportivas oficiais no 2021.

### 39. **DEPORTES. Referencia: 2021/00051639Q.**

[Dación de conta da sinatura do convenio de colaboración coa Federación Galega de Atletismo para o desenvolvemento da III Edición da Milla Urbana “Portas de Compostela” 2021. ]  
Tómase coñecemento da sinatura, o 27 de decembro de 2021, do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Federación Galega de Atletismo para o desenvolvemento da III Edición da Milla Urbana “Portas de Compostela” 2021.

### 40. **DEPORTES. Referencia: 2021/00051689C.**

[Dación de conta da sinatura do convenio de colaboración coa Sociedade Deportiva Compostela, ano 2021. ]  
Tómase coñecemento da sinatura, o 27 de decembro de 2021, do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Sociedade Deportiva Compostela, ano 2021.

### 41. **DEPORTES. Referencia: 2021/00051707S.**

[Dación de conta da sinatura do convenio de colaboración co Club Triatlón Santiago, ano 2021. ]  
Tómase coñecemento da sinatura, o 27 de decembro de 2021, do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e o Club Triatlón Santiago, ano 2021.

### 42. **DEPORTES. Referencia: 2021/00051648W.**


[Dación de conta da sinatura do convenio de colaboración coa Federación Galega de Judo e DA para o desenvolvemento da Copa de España Júnior 2021. ]  
Tómase coñecemento da sinatura, o 27 de decembro de 2021, do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Federación Galega de Judo e DA para o desenvolvemento da Copa de España Júnior 2021.

### 43. **DEPORTES. Referencia: 2021/00051661S.**

[Dación de conta da sinatura do convenio de colaboración co Club Ardeal Tenis de Mesa, ano 2021. ]  
Tómase coñecemento da sinatura, o 27 de decembro de 2021, do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e o Club Ardeal Tenis de Mesa, ano 2021.

### 44. **DEPORTES. Referencia: 2021/00051634B.**

[Dación de conta da sinatura do convenio de colaboración coa Asociación de Padres, Profesionales y Amigos de Personas con Discapacidad Intelectual “Special Olympics Galicia” para o desenvolvemento de varias actividades no ano 2021. ]



## CONCELLO DE SANTIAGO

Tómase coñecemento da sinatura, o 28 de decembro de 2021, do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación de Padres, Profesionales y Amigos de Personas con Discapacidad Intelectual “Special Olympics Galicia” para o desenvolvemento de varias actividades no ano 2021.

### **45. DEPORTES. Referencia: 2021/00051690K.**

[Dación de conta da sinatura do convenio de colaboración co Obradoiro Club de Amigos Baloncesto S.A.D., ano 2021. ]

Tómase coñecemento da sinatura, o 27 de decembro de 2021, do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e o Obradoiro Club de Amigos Baloncesto S.A.D., ano 2021.